



SEMINARIOS SOBRE ANTROPOLOXÍA DA SAÚDE

Ciclo formativo online da AGANTRO

ETNOMEDICINA, COIDADADO E BENESTAR SOCIAL

Impartición tanto presencial, no Museo do Pobo Galego, como online

DATAS:

8 e 15 de outubro de 2022

Inscripción en:

<https://i.gal/SeminariosAgantro>

Para máis información:

agantro@gmail.com

PRAZAS LIMITADAS

Para poder asistir aos seminarios é necesaria a inscrición previa.

Organiza:

 **AGANTRO**
asociación galega de antropoloxía

Colabora:




**Museo do
Pobo Galego**

Actividade subvencionada pola
Deputación da Coruña



**Deputación
DA CORUÑA**



Nestes tempos das sociedades globais, onde o concepto pandemia e a súas consecuencias está en boca de todos, faise máis palpable que nunca a necesidade de reflexionar sobre o que significa a saúde e cales son as implicacións sociais, culturais ou económicas da súa xestión e salvagarda. Cada sociedade ten o seu propio sistema cultural de saúde malia que os temores básicos que axexan a vida do ser humano son comúns a todas as culturas e a todos os tempos. A enfermidade, a morte, a pobreza e as súas consecuencias, o sufrimento ou as calamidades que poden pór en perigo a nosa subsistencia son obxecto de atención destes sistemas culturais de saúde que intentan mitigar eses factores que poden condicionar o noso benestar físico, mental e social, e, por tanto, a nosa saúde. A Antropoloxía da Saúde busca entender como cada cultura e como en cada tipo de sociedade as persoas buscan un equilibrio emocional e un modo de vida saudable para o que investiga os procesos sociais e as súas representacións culturais na saúde, a enfermidade e as prácticas de atención ou asistencia relacionadas con ela.

Desde a AGANTRO queremos, con estes seminarios, contribuír a sensibilizar sobre a crecente necesidade de suscitar un maior nivel de coñecemento e conciencia sobre a importancia da saúde do ser humano en todas as súas dimensións, tanto biolóxicas como culturais ou sociais. É por isto que, continuando a senda a prol da formación iniciada en 2021, pomos en marcha esta terceira edición dos nosos seminarios con fin de avanzar nestas liñas e de pór ao dispor dos e das participantes coñecementos e exemplos prácticos de como a etnomedicina, a biomedicina, as diferentes formas de coidado e o benestar social son vías esenciais para a saúde física, mental e social dos individuos e das nosas sociedades.

PROGRAMA

8 DE OUTUBRO

- 10h.** *"Que volva ao seu lugar: Ritual para curar a paletilla caída. Procesos de complementariedade e ruptura entre a eficacia simbólica e a eficacia terapéutica"*.
Docente: **Lidia Mariño Ventoso** (Diplomada en Fisioterapia. Estudante do Grao de Antropoloxía Social e Cultural)
- 12h.** *"O proceso de cambio social e a súa influencia na etnomedicina galega"*.
Docente: **Rafael Quintía Pereira** (Antropólogo. Profesor titor de antropoloxía na UNED)
- 16.30h.** *"Herbas e herbaxeiras do Caurel. Un achegamento á etnobotánica aplicada á saúde"*.
Docente: **María Moure de Oteyza** (Licenciada en Farmacia)
- 18.30h.** *"Saúde e violencia institucional. Ferramentas para realizar acompañamentos en casos de violencia de xénero"*.
Docente: **Iria Vázquez Silva** (Profesora de socioloxía da UVigo, mestrada en Estudos de Xénero)

15 DE OUTUBRO

- 10h.** *"Saúde emocional, un privilexio ao noso alcance?"*.
Docente: **Rocío Ovalle** (Coach, docente e profesional do terceiro sector)
- 12h.** *"Unha mirada feminista á saúde mental"*.
Docente: **Guadalupe Jiménez-Esquinas** (Profesora de antropoloxía na USC)
- 16.30h.** *"Transmisión e Saber Maternal Arte-San en Galicia: Parteiras, nais e amas de cría"*.
Docente: **Ana Filgueiras Rei** (Arqueóloga. Profesora titora de Historia na UNED)
- 18.30h.** *"A medicina popular interpretada"*.
Docente: **Xosé R. Mariño Ferro** (Antropólogo, Doutor en Filosofía e letras e profesor xubilado de antropoloxía na USC)



 **AGANTRO**
asociación galega de antropoloxía

